



EXPEDIENTE 2024/C004/000007. CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DA TOTALIDADE DA ILUMINACIÓN PÚBLICA E ELÉCTRICO DAS INSTALACIÓNS E EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TOURO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a presente Memoria emítese os efectos de xustificar a natureza e extensión das necesidades que preténdense cubrir mediante o presente contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

1º Xustificación do procedemento a utilizar para a adxudicación do contrato:

O presente contrato adxudicárase mediante procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP, sendo necesario a preparación das cláusulas particulares e de prescricións técnicas que rexeran a correspondente licitación.

2º Denominación do contrato:

Servizo de mantemento, conservación e reparación da totalidade da iluminación pública e eléctrico das instalacións e edificios municipais do Concello de Touro.

3º Clasificación do contrato:

Contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).

4º Clasificación CPV:

A codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos CPV é:

50232100-1: Servizos de mantemento de instalacións de alumeadado

5317000-2: Outros traballos e instalación eléctrica

5º Obxecto do contrato:

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de mantemento, conservación e reparación da totalidade da iluminación pública e eléctrico das instalacións e edificios municipais, comprendendo todos os materiais que se repoñan e coa obriga de reparar as avarías ordinarias ou frecuentes.

6º Necesidade do contrato:

Xustifícase a necesidade de prestar o servizo de mantemento, conservación e reparación da totalidade da iluminación pública e eléctrico das instalacións e edificios municipais do Concello.

O Concello está a traballar de forma intensa na ampliación e na mellora dos seus servizos públicos, co obxectivo de conseguir un nivel elevado de desenvolvemento social e de calidade de vida, equiparable aos dos territorios máis avanzados.

Neste sentido o servizo de iluminación pública é unha das competencias municipais, e a súa importancia vén determinada pola súa vinculación coa seguridade, tanto viaria como cidadá.

Trátase, ao mesmo tempo, dun servizo con extensión en todo o territorio municipal, debido á dispersión demográfica.

Finalmente é necesario lembrar que se trata dun servizo, o de iluminación pública, de prestación obrigatoria para todos os Concellos segundo establece o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Por estes motivos fai falta prestar un servizo de calidade, que dea resposta rápida aos incidentes que se poidan ocasionar, especialmente no caso de avarías e problemas técnicos.



7º Insuficiencia de medios:

Ao non dispoñer este Concello dos suficientes medios persoais e técnicos para realizar o servizo, xustifícase a necesidade de proceder á licitación do citado servizo. En consecuencia, queda acreditada a insuficiencia de medios ao efecto do establecido no artigo 116.4.f) da LCSP.

8º Duración do contrato:

O contrato terá un prazo máximo de duración de 1 ano con posibilidade de dúas prórrogas de unha anualidade candasúa (1 + 1 +1). A prórroga precisará de acordo expreso do órgano de contratación.

9º Orzamento base de licitación e valor estimado:

O orzamento base de licitación calcúlase tendo en conta as distintas prestacións e os distintos custes das mesmas.

9.1 Servizo xeral de mantemento do alumado:

Tendo en conta os servizos necesarios derivados das instalacións incluídas no contrato e de conformidade co convenio colectivo de aplicación que é o do sector da industria siderometalúrxica da provincia de A Coruña, os custes de persoal coas correspondentes actualizacións o prezo do contrato desglosase da seguinte maneira:

Costes de persoal: 25.210,08 euros.

Costes xerais (13%): 3.277,31 euros.

Beneficio industrial (6%): 1.512,60 euros.

Base imponible: 30.000,00 euros

IVE (21%): 6.300,00 euros.

Total: 36.300,00 euros.

Este importe será una cantidade fixa anual que se facturará segundo a oferta presentada polos licitadores por unha doceava parte do prezo ofertado.

9.2 Subministración de material necesario para a execución:

Tendo en conta os materiais necesarios para a execución do servizo, sobretudo de cara ao mantemento correctivo e pequenas actuacións, terase en conta o listado de prezos previsto no Anexo I do presente prego, facturándose segundo a oferta realizada polos licitadores polos materiais e actuacións efectivamente levadas acabo e subministrados.

Para a súa determinación tívose en conta os gastos de anualidades anteriores, sendo este importe unha cantidade variable. O Concello resérvase a executar o volume de obras que lle permita o seu orzamento e os recursos dispoñibles en cada anualidade, tratándose estes datos dunha estimación a efectos de cálculo do orzamento base de licitación. Neste caso a empresa non procederá á facturación por subministros ou actuacións non levadas a cabo. Para este apartado de conformidade co artigo 309 da LCSP prevese un gasto máximo de 9.243,70 euros de base imponible, ao que lle corresponden 1.756,30 euros de IVE, o que fai un total de 11.000,00 euros anuais.

Así, o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 39.243,70€, máis 2.060,29€ correspondentes ao IVE, ascendendo a un total 47.484,87 € para a duración do contrato.

O valor estimado do presente contrato, 1 ano de duración máis as súas posibles prórrogas (2), ascende a 121.655,47€, excluído o IVE e incluídas as posibles modificacións (10%), e desagregado do seguinte modo:

| ANUALIDADE | BASE IMPOÑIBLE | IVE (21%) | TOTAL |
|------------|----------------|-----------|-----------|
| 2024 | 9.810,92 | 2.060,29 | 11.871,21 |
| 2025 | 39.243,70 | 8.241,17 | 47.484,87 |



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

| | | | |
|-------------|-----------|----------|-----------|
| 2026 | 39.243,70 | 8.241,17 | 47.484,87 |
| 2027 | 29.432,78 | 6.180,88 | 35.613,66 |

Este contrato finánciase con fondos propios; para iso existe consignación orzamentaria suficiente, na partida orzamentaria 165.21300.

Para todos os efectos, entenderase que devandito orzamento de licitación constitúe o orzamento máximo que destinará a Administración para a realización do servizo obxecto deste contrato.

O prezo do servizo virá determinado pola oferta que presenten os licitadores.

10º División en lotes:

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP non procede a división en lotes xa que nos atopamos ante unha prestación única que debe ser prestada de maneira uniforme tal e como se desprende da memoria xustificativa.

11º Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

O presente contrato non altera as previsións municipais sobre a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo cos principios establecidos no artigo 7.3 da lei Orgánica 2/2013, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

O servizo financiarase con cargo ao presuposto municipal do exercicio 2024, na aplicación orzamentaria 165.21300.

Dado que o contrato ten carácter plurianual a Corporación adoptará o compromiso de consignar nas aplicacións correspondentes dos exercicios correspondentes crédito suficiente para financiar as obrigas que do mesmo se deriven.

12º utilización de medios electrónicos:

En base o disposto no apartado 3 da disposición adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada Disposición Adicional.

Para este efecto dispoño:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato de Servizo de mantemento, conservación e reparación da totalidade da iluminación pública e eléctrico das instalacións e edificios municipais do Concello de Touro.

SEGUNDO. Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

TERCEIRO. Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Touro na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde, Roberto Castro Rocamonde